



ACORDO

Autorización inicio trámite da concesión administrativa solicitada para taller mecánico de reparación naval e montaxe de motores mariños

Clave: 12-48-19-C-1

Concesionario: TALLERES BAÑA, S.L.

Porto: RIBEIRA

Ref. adicional: 1148/2019/XEN

ANTECEDENTES

Por Resolución do 19 de xuño de 2002 do Presidente de Portos de Galicia, outorgouse a UTE Talleres Baña, S.L. & Electro Naval Perfecto, S.L., con CIF U15826852, unha concesión administrativa para a construción de nave para taller electromecánico de mantemento naval no porto de Ribeira, por un prazo máximo de 15 anos, prorrogables, extinguíndose o 27.06.2017.

Francisco Baña Mariño, con NIF 52.451.181, actuando en representación da UTE Talleres Baña, S.L. & Electro Naval Perfecto, S.L., en calidade xerente único, solicita a prorroga da concesión o 10.11.2017, con número de rexistro de entrada 9153, e polo tanto extemporaneamente.

O 14.11.2017, mediante nota interior 178/2017, a Xefa da Zona Centro, remite o expediente para a súa resolución.

Non obstante vista a solicitadete de prorroga compróbase que esta foi solicitada varios meses despois o seu vencemento. Na condición particular 2ª do título concesional establece que a prorroga debe solicitarse dous meses antes do vencemento da concesión.

Asemade, analizada a documentación existente no expediente para poder valorar a posibilidade de prorroga, ó marxe da súa admisión a trámite, foron detectadas incidencias da taxa Cis declarada. Dada a escasa actividade declarada detéctase ou ben unha infrautilización do chan portuario, ou ben que se está a imputar a actividade a cada unha das empresas que compoñen a UTE.

Por este motivo, e dado que no se estaba a cumprir o título concesional non se considerou procedente prorrogar a concesión, polo que o Presidente de Portos de Galicia mediante resolución do 07.11.2018 denega a solicitude de prorroga.

O 27.11.2018, mediante numero de rexistro de entrada 8680, Francisco José Baña Mariño, con DNI 52451181A, actuando en nome e representación da empresa Talleres Baña, S.L., solicita unha nova concesión da nave sita na cara norte. Aínda que non se concreta exactamente o uso desprendese que a actividade que se está a desenvolver e a de taller mecánico de reparación naval e montaxe de motores mariños.

O 07.12.2018, con numero de rexistro de entrada 8939, recíbese documentación complementaria á presentada anteriormente.

O 14.02.2019 foi realizada acta de reversión das instalacións, non obstante non se produciu o desaloxo efectivo das instalacións por terse manifesta o interese en permanecer explotando a instalación mediante unha nova concesión, polo que se estaba a realizar a ocupación de xeito precarial.

A ocupación consiste no uso e explotación da nave construída a través da extinta concesión 12-48-01-C-1, dividida en dúas fisicamente. O ámbito solicitado ten unha superficie construída de 214 m², dos cales 153 m² son de ocupación en planta baixa e 61 m² nun andar.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Vista á solicitude do interesado.

Visto o informe de supervisión da solicitude da concesión elaborada polos servizos técnicos de Portos de Galicia, de data 19.09.2019.

Tendo en conta que o uso solicitado é un uso complementario a actividade portuaria desenvolta no porto, por tratarse dun taller de reparación naval polo que é acorde coa DEUP que se atopa en tramitación e que define a parcela como COMPLEMENTARIA.





No que respecta ó modelo de xestión previsto no POL establécese concretamente no porto de Ribeira como un modelo "Ordenación", xa que se reflicte como unha zona urbanizada que constitúe o actual porto de Ribeira polo que xa non conta cos valores naturais.

En todo caso o porto de Ribeira encádrase dentro do POL dentro dos Sistemas Xerais Territoriais (capítulo 7.b), polo que se rexerán pola lexislación portuaria adoitando como principio reitor de actuación ó de colaboración inter administrativa, articulando a incorporación das determinacións incluídas no Pol relativas a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras. Non obstante tendo en conta o uso previsto no POL non se considera necesario dentro da tramitación da concesión solicitar informe ó organismo competente no seguimento do POL.

Comprobado que a concesión e acorde o planeamento vixente e que non se aprecian afeccións a figuras de protección medio ambiental, patrimonial ou de calquera outra índole, non sendo necesario polo tanto recadar informes sectoriais específicos.

Considerando que co trámite desta concesión administrativa podería ser compatible co Art. 66 da Lei 6/2017 de portos de Galicia e "a priori" non se observa que prexudica o desenvolvemento das actividades portuarias nin se producen danos a terceiros.

PROPOSTA

Considerando que a concesión solicitada constitúe unha actividade complementaria á portuaria moi beneficiosa prestando un servizo de reparación e mantemento de embarcación do porto de Ribeira e zona de afección, e considerando que non prexudica ao desenvolvemento doutras actividades portuarias nin supón danos a terceiros, esta xefatura da Área de Explotación e Planificación, dende o punto de vista da explotación portuaria, non atopa inconveniente para que se inicie a tramitación da concesión de referencia.

Unha vez examinada a documentación presentada e os antecedentes en relación á ocupación, considerase axeitada a solicitude polo que se propón o inicio do trámite do expediente de concesión para ocupación de **terreos portuarios de para construción de nave para taller de reparación e mantemento de barcos e motores mariños no dominio público portuario de Ribeira a favor de Talleres Baña, S.L.**

Non obstante con carácter previo ó inicio de trámite, deberá terse en conta e informar e requirir á entidade solicitante, o seguinte:

1. Prazo da concesión:

- Prazo estimado da concesión: **10 anos**
- Prórroga máxima da concesión segundo prazo estimado: **5 anos**

Este prazo estimado deberá ser comunicado ó solicitante.

2. Condicións económicas estimadas da concesión:

a. TODP:

- Ocupación terreos localizados en explanada IBAs = $153 \text{ m}^2 \times 3,93 \text{ €/m}^2/\text{ano} = 601,29 \text{ €/ano}$
- Ocupación obras e instalacións (nave): **5.033,60 €/ano**
- **TOTAL TODP: 5.635,44 /ANO**

b. Taxa ACIS:

- Taxa ACIS: 1% do importe neto da cifra anual de negocio da actividade desenvolta na concesión, para a actividade de reparación naval. Poderá ser modificada no suposto de solicitar outras actividades.

(O cálculo de canon/taxas, poderá ser recalculado a resultas dos datos obtidos na tramitación da concesión, e no levantamento topográfico a realizar ós efectos)

Estas taxas deberán ser comunicadas ó solicitante.

3. Informes a solicitar a outras Administracións para a tramitación da concesión:

- Os correspondentes a unha tramitación ordinaria, non constan afeccións

4. A continuación indícanse os documentos que é necesario emendar por parte do solicitante:





1. Modelo de instancia correcta e completamente cuberta e asinada segundo modelo que poderá obter no seguinte enlace: **Deberase aclarar na solicitude a totalidade dos usos que se pretenden desenvolver na concesión, xa que no se concreta expresamente na solicitude.**

<http://www.portosdegalicia.gal/gl/web/portos-de-galicia/modelos-formularios>

2. Acreditación da personalidade do solicitante (Escolla unha das tres opcións posibles)

2.b.1) Escritura de constitución e/ou modificación da empresa, se é o caso, inscrita no Rexistro

Mercantil, cando este requisito sexa esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable (orixinal ou copia compulsada). **Non se achegan estatutos non que se acredite a actividade da empresa.**

2.b.3) Poder de representación da persoa que asina a solicitude en nome da empresa

3. Xustificantes en vigor que acrediten que se atopan ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social esixidas pola lexislación vixente no Art. 7, Lei 9/2017, de contratos do sector público. **Achéganse pero están caducados polo que deben emendarse.**

3.1 Certificación administrativa positiva expedida pola Axencia Tributaria de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal (indicaranse xenericamente os requisitos cumpridos e o carácter positivo da certificación)

3.2 Certificación administrativa positiva expedida pola Comunidade Autónoma de Galicia a través da Dirección Xeral de Tributos de non ter débedas de natureza tributaria (indicaranse xenericamente os requisitos cumpridos e o carácter positivo da certificación)

3.3 Certificación administrativa positiva expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social de atoparse ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social (indicaranse xenericamente os requisitos cumpridos e o carácter positivo da certificación)

4. Garantía provisional

8.1. Importe do 2% do orzamento das obras e instalacións adscritas á concesión, que non poderá ser inferior a 1.000 euros (art. 84 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia).

A dita garantía deberá constituírse ante a Tesourería Xeral da Xunta de Galicia ou delegacións da Consellería de Economía e Facenda, agás cando a súa constitución se efectúe mediante aval ou contrato de seguro de caución, en cuxo caso realizarase ante o mesmo órgano, de acordo coas normas establecidas no artigo 106 da Lei 9/2017, de contratos do sector público

A restante documentación achegada non é orixinal, polo que deberá achegar orixinais da documentación a emendar e da xa presentada.

Previamente ao inicio do trámite da concesión deberase realizarse por parte dos servizos técnicos de porto de Galicia confrontación das superficies e bens solicitados na que se identifiquen e reflectan as medicións exactas

O que se informa por parte da xefatura de área de explotación co visto e prace do Director Xeral e o Conforme a Presidenta de Portos de Galicia.

